

Guía de asesoramento familiar



Guía de asesoramento familiar

Autores:

Ana Fátima Gómez Suárez.

graduada en psicología, máster en Neuropsicología Clínica.

David Pérez Pérez.

licenciado en Dereito, máster en Creación, Dirección e Innovación na Empresa.

Berta Otero Charlón.

licenciada en Dereito e avogada.

Borja Rodríguez Pérez.

licenciado en Dereito, máster en Criminoloxía.

Patricia Velasco Pereira.

licenciada en Psicología e posgraduada en Xestión e resolución de conflitos: menores, familia e xustiza terapéutica.

Ilustraciones:

Encarnación Díaz Martínez.

Licenciada en Terapia Ocupacional.

**Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia,
Infancia e Dinamización Demográfica e**

Fundación Ingada

2018

1ª ed., 2018

Colección Convivir co TDAH, nº.2

Coeditan:

Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e

Fundación Ingada

<https://libraria.xunta.gal/gl/Guía de asesoramento familiar>



Licencia Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International (CC-BY-NC-SA.4.0)

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/> <https://creativecommons.org/>

Maquetación: Antonio Lameiro Ces



A ser pais apréndese día a día. Non hai un patrón fixo que responda a todas as circunstancias que poden ter lugar na crianza. Pero sei que é importante que as familias que o precisen teñan ao seu alcance información que lles facilite a atención aos seus fillos, sobre todo cando estamos a falar de menores que necesitan de maior apoio e protección. Por iso é de saudar esta primeira Guía de asesoramento familiar sobre trastornos por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) editada en coedición con la Fundación Ingada.

Estímase que ao redor do 6% da poboación infantil está afectada por signos de déficit de atención e que tamén a padecen catro de cada dez persoas adultas, o que converte o TDAH nunha patoloxía que non se limita á idade pediátrica senón que perdura ao longo da vida. Estamos pois, ante un trastorno de grande incidencia social e fronte ao que cómpre sumar esforzos nos ámbitos sanitario, social e educativo. Debemos ser capaces, tanto desde as administracións públicas como desde as entidades, de sensibilizar o conxunto da poboación para mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas con TDAH e as súas familias.

Neste sentido, a Xunta de Galicia comparte obxectivos coa Fundación Ingada e, por iso, no camiño da inclusión e do benestar deste colectivo sempre contarán co apoio da Consellería de Política Social.

Unha colaboración que está a dar os seus froitos coa publicación desta guía e coa posta en marcha dun servizo de asesoramento co que estamos máis preto das familias, prestándolles orientación e apoio en todo momento para que non se sintan soas ante calquera adversidade que poida xurdir.

A Xunta de Galicia, a través da Fundación INGADA, sempre estará ao carón destas persoas, porque asumimos o compromiso de axudalas a levar unha vida plena e feliz.

José Manuel Rey Varela

Conselleiro de Política Social

Non hai dous nenos iguais e a educación na familia, que é vital, non é unha tarefa sinxela. Non se poden dar tampouco regras universais pero si uns consellos que axuden a xestionar situacións difíciles, que por desgraza afectan moitas familias e que aínda que hai que tratalas en moitos ámbitos como o social e o educativo, a actuación e o manexo no contorno próximo é esencial.

Profesor Ángel Carracedo Álvarez

Presidente da Fundación INGADA

Prólogo

Tes nas túas mans, amigo lector, unha guía informativa que fai máis fácil a angustiada peregrinación de moitos pais en busca de asesoramento e respostas. A crecente preocupación ante signos de trastorno por déficit de atención (TDAH) e outros trastornos que poidan padecer os seus fillos e fillas, atopan na correcta información unha área de repouso. Non cabe concibir unha necesidade máis importante para un neno que sentirse protexido polos seus pais, como xa adiantaba hai un século o médico e neurólogo austríaco Sigmund Freud. Ser pai ensínache o verdadeiro significado do amor incondicional.

É necesario recoñecer o labor que promove a Fundación INGADA, o Instituto Galego de TDAH e Trastornos Asociados. A información e a sensibilización da opinión pública en xeral e moi especialmente das administracións, organismos e institucións oficiais — vinculando tamén ao persoal que nelas prestamos servizos, son un eficaz mecanismo de axuda e estímulo. Todos temos que ofrecer colaboración ás entidades e afectados de TDAH e outros trastornos asociados, sen esquecer os seus familiares, que soportan unha carga financeira e sofren un importante impacto emocional que repercute seriamente no seu proxecto vital.

Neste traballo os seus autores plasmaron con realismo unha información técnica e xurídica solvente, pero nas súas páxinas tamén hai rastros olfactivos de experiencia e amor, moito amor. A paternidade é un camiño duro; tamén o máis emocionante para percorrer na terra. Atoparedes explicacións que alivian axudando a entender e previr, a soportar a vida cotiá se seedulcora con moitas doses de paciencia, dedicación e sacrificio.

O TDAH e as súas consecuencias presentan situacións complexas que requiren unha abordaxe multidisciplinar e cuxo coñecemento está en continua evolución. Avances da ciencia, modificacións na metodoloxía da aprendizaxe e sistema educativo, novas pautas de conduta e modificacións legislativas proxectan cambios de perspectiva no tratamento do problema. Con el día a día vanse escribindo as normas que suxire a ciencia experimental, impón as leis e impulsa o palpitar do corazón.

Merecedes todo o apoio que poidamos dar. Quero transmitir desde aquí unha mensaxe de optimismo, que é o que xera a vosa ilusión e esforzo. Hai que darlles ás cousas a importancia que teñen, aprender a vivir en circunstancias adversas, observar que ao redor hai outras persoas con máis limitacións e con todo teñen unha vida plena e feliz. Como dicía Gabriel García Márquez, non hai medicina que cure o que non cura a felicidade.

Manuel Fuentes González

Escritor, letrado da XS de Policía de Galicia

Abogado do Estado Habilitado

A Coruña, 4 de febreiro de 2018



Índice

1 Introducción.....	11
Bloque 1: Familia e TDAH	15
1. TDAH e obediencia	16
2. TDAH e castigos	21
3. TDAH e adquisición de hábitos.....	26
4. TDAH e rendemento académico	27
Bloque II: Relación familia-centro escolar do alumno con TDAH.....	49
Bloque III: Violencia e consecuencias	55
Bloque IV: Información clínica	59
Bibliografía.....	65
Webgrafía	66
Anexo I. Normativa vixente e medidas metodolóxicas aplicables	67



1 Introducción

Ser pai é unha tarefa ardua e complicada. É unha carreira de fondo na que cada día se vai aprendendo sobre a marcha. Aprendendo dos erros e dos acertos, do tempo que se pasa en familia, en definitiva... dos vosos fillos e fillas e as súas peculiaridades! E que implica moita dedicación, sufrimento, paciencia e sacrificio.

Cando os pais nesta carreira observades que o voso fillo ou filla “é diferente” aos seus iguais (“non é capaz de atender”, “é esquecedizo”, “non aprende dos castigos”, “non é capaz de estar sentado...”), as queixas do colexio non cesan (“non atende en clase”, “distráese con facilidade”, “sempre ten que ter algo nas mans”, “interrompe”, “non respecta as quendas e molesta os compañeiros”, suspende...), a familia táchao de mal “educado” e os compañeiros deixan de convidalos aos aniversarios... empezades a realizar unha peregrinación en busca de respostas. Ata que un día descubrides que o voso fillo ten TDA/TDAH.

Nun primeiro momento sentides un “certo alivio” ao saber, por fin!, o que lle sucede ao voso fillo ou filla. Hai unha explicación! Pero, ao mesmo tempo, xorden infinidade de dúbidas e autorreproches: “e... agora que?, que teño que facer?, “machucaría” o meu fillo?, que vai pasar?...” É neste momento onde comeza a “verdadeira carreira”; na que a familia cumpre un papel primordial (os pais son o factor protector máis importante para reducir o impacto do TDAH). Aínda que, en ocasións, pode converterse nunha tarefa realmente esgotadora e que xera sentimentos de impotencia e frustración: “non sei que máis facer ou dicir!”, “intenteino todo!”. Estes sentimentos son normais, pero co asesoramento e apoio necesario ides sentirvos máis reforzados para poder traballar cos vosos fillos e fillas para mellorar o seu rendemento e axudalos a alcanzar as súas metas. Xa sexa no momento no que se enfrontan ao problema, ou un pouco antes para previlo ou despois de que suceda, para corrixir e aprender dos erros.

Así que, como pais, hai moitísimas cousas que podedes facer para reducir o impacto negativo do trastorno e facilitar as experiencias de éxito e as aprendizaxes. Pero, para iso, primeiro debedes comprender que é o que lles pasa:

A) Teñen dificultades de atención e en memoria de traballo:

- Non escoitan, non se fixan.
- Esquéceselles, non reteñen, ou perden a información sobre o que teñen que facer.
- Non son capaces de atender moito tempo a unha soa tarefa que lles supoña esforzo mental.
- Distráense con facilidade, están como “nas nubes”.
- Perden cousas, son esquecedizos.
- Son descoidados nas tarefas escolares.
- Cometten erros por descoido.
- Son lentos á hora de realizar as tarefas.
- ...

B) Presentan dificultades no funcionamento executivo e nos sistemas de motivación e recompensa:

- Non interiorizan as normas.
- Saben facer moitas cousas pero non son capaces de levalas a termo. Hai que estar encima deles para conseguilo.
- O ambiente, o contexto, a situación non lles serve para controlarse, non lles chega a información sobre que é o adecuado, que debe facer ou que se espera deles nese momento.
- Din o primeiro que se lles ocorre, fan o primeiro que pensan.



- Todos os estímulos os entreteñen, non saben poñer un filtro para atender só ao pertinente e ao adecuado á situación.
- Non aprenden polas consecuencias.
- Non anticipan o que vai pasar. Non avalían as consecuencias das súas accións.
- Descoñecen que poden lembrar o pasado para saber como actuar.
- O castigo non lles serve para aprender a comportarse ben.
- Non teñen un tempo de espera, un tempo de reflexión antes de actuar.
- Cando máis necesario é que estean quietos, máis inquietude lles entra.
- Non teñen conciencia do tempo, nin o regulan: ou van moi rápido en tarefas que se require ir amodo, ou van moi amodo en tarefas nas que se pode ir rápido.

Estas dificultades aféctanlles a todas as súas actividades diarias: aseo, limpeza, orde, alimentación, colaborar en casa e cos “temidos” deberes e tarefas escolares. Ademais, estas dificultades poden verse incrementadas por factores motivacionais e emocións tanto positivas (alegría, entusiasmo...), como negativas (enfado, frustración...); que chegan a desbordalos ao non exercer un manexo adecuado destas. E que teñen como consecuencia un empeoramento da situación, castigos e unha escalada conflitiva tanto para os nenos e nenas como para vós, os pais.

Por iso, con esta guía, preténdese dar resposta a algunhas das numerosas preguntas que vos facedes os pais de nenos con TDAH sobre temas como: as normas, a impulsividade/agresividade, o estudo, condutas de risco, problemas legais, historia clínica etc...



BLOQUE 1: FAMILIA E TDAH

Ser pais dun neno ou adolescente con TDAH é un gran reto! Xa que é un dos trastornos que maior repercusión causa nas familias e, á vez, o funcionamento desta influirá significativamente na evolución e desenvolvemento do devandito trastorno.

Para reducir o impacto no ámbito familiar, é necesario que os pais acedades á información e aos recursos adecuados para regular toda a amálgama emocional que ides experimentar (ira, frustración, ansiedade, desesperanza, rabia, medo, cansazo etc.).

Un dos primeiros pasos para reducir o devandito impacto é aceptar o trastorno e autoconvencerse de que non é culpa vosa, nin de ninguén.

Moitas veces xorden dúbidas sobre como actuar con eles; xa que custa entender os seus comportamentos e pódese chegar a pensar que fan as cousas “por amolar”. Algunhas das queixas que, xeralmente, tendes son:

- “Parece que non me escoita cando falo”
- “É moi vaga e non sae dela facer os deberes”.
- “Non obedece e dálle “igual” que o castiguen”

Débensse aceptar as limitacións do neno ou nena e que moitos dos seus comportamentos non son intencionados, ou que non fan as cousas porque non queren; senón porque presentan un déficit no funcionamento executivo.

Tamén é importante ser conscientes das súas habilidades e fortalezas; xa que tendemos a fixarnos máis nos seus erros por ser os que máis destacan e frustración xeran.

A continuación, pretenderase ofrecer algunhas pautas para o manexo do TDAH no ámbito familiar.

1 TDAH E OBEDIENCIA: “Por que non me obedece?, que podo facer?”

“Laura é a mamá de Pablo, un neno de 8 anos diagnosticado hai pouco con TDAH. Laura está moi implicada na crianza e educación de Pablo. Pablo é moi movido e cóstalle moito poñerse a facer as tarefas. Enseguida se distrae con calquera cousa e parece non escoitar cando lle falan. Frecuentemente perde o material escolar ou esquece os seus obxectos persoais. Deixa todos os seus xoguetes tirados e non recolle o seu cuarto, nin os seus xoguetes. Laura acaba exhausta ao final do día:

- “Pablo fai os deberes”.
- “Pablo recolle os xoguetes”
- “Cepilla os dentes”
- “Apaga a Tv e ven cear”
- “Pablo díxenche que non”...

Laura queda coa sensación de que se pasou o día dando ordes, regañando e castigando sen ningún resultado. Ao final, só consegue que obedeza cando se enfada e grita. O que a acaba frustrando tanto ela como a Pablo”.

Seguro, que moitos de vós vos sentides como Laura cada día.

Una das tarefas máis complicadas dos pais de fillos e fillas con TDAH é lograr que estes os obedezan e cumpran as normas. Estes nenos e nenas son distraídos e movidos e poden chegar a acabar coa paciencia dos seus proxenitores cando non cumpren as súas ordes. O que implica unha serie de castigos que non ofrecen efecto. Máis ben levará o neno e a nena a frustrarse e a xerar resentimento cara a vós, deteriorando a relación paterno-filial.



Por que non obedecen os nenos e nenas con TDAH?:

Son varias as razóns polas que un neno ou nena con TDAH non fai caso. Algunhas delas son:

- Non comprenden as ordes. Non son claras: “Pórtate ben”, “Se bo”
- Danse varias ordes á vez.
- Formúlanse as ordes en forma de pregunta no canto de cunha afirmación: “Queres vir cear dunha vez?”
- As normas son inconsistentes: permíteselle facer en ocasións o que non está permitido. Por exemplo: “non podes ter o móbil pola tarde”, pero déixaselle algúns días para que se distraia.
- As consecuencias por incumprimento das normas non se manteñen (levántase o castigo) ou non é proporcional. As consecuencias da súa conduta non son claras ou non se cumpren. Exemplo: “Manuel non fixo os deberes e os seus pais castigárono sen tableta. Pero Manuel altérase e os seus pais terminan cedendo”.
- Hai diferentes cuidadores con normas distintas. Por exemplo: os pais de Carla estableceron que ten que facer as súas tarefas antes de ir xogar. Se non, queda ese día sen móbil. Pero os seus avós déixanlle usar o teléfono sen facer antes as tarefas.
- Afixéronse a desobedecer “sen consecuencias”. Dalgunha forma “premiouse” o que se saía “coa súa”. Por exemplo ao ceder fronte ás súas peticións por esgotamento ou evitar máis enfrontamentos.

Entón... que se pode facer?:

1 Establecer normas/límites claros e coherentes: as normas teñen que ser claras e concretas. Dadas unha por unha. Teñen que estar referidas a momentos determinados, espazos e persoas concretas. E deben adaptarse á idade e madurez do neno ou nena.

Exemplos:

- “Ás 10 vas á cama durmir”.
- “ Os xoguetes colócanse no cesto ao acabar de xogar”

2 Dar a orde de maneira adecuada: como facelo?

- Debemos asegurarnos de que nos atenden e saben que lles estamos dando unha orde (non dar nada por suposto): mirámolo aos ollos (se é preciso poñémonos á súa altura) e pedímoslle que repita as instrucións para asegurarnos de que nos fixo caso (**ollo! Non caer en dar as ordes desde a outra punta da casa ou repetila sen máis, elevando máis e máis o ton de voz. Con isto só vos ides deseseparar**).
- **As ordes deben ser claras e concisas** Deben expresar claramente o que esperamos que fagan e como. Os nenos con TDAH necesitan saber con exactitude o que se espera deles, xa que non se desenvolven ben en situacións ambiguas. Téñense que simplificar as regras de casa. Explicando cada unha delas e anotándoas nunha lista (pódese elaborar un mural coas normas e colocalas nun lugar visible ou no caso dos adolescentes elaborar un “contrato”). Débese anotar tamén o que ocorrerá se cumpren as normas (privilexios) e cando non se cumpren (retirada de privilexios/sancións). Estes límites deberán ser comprensibles e sobre todo, inflexibles (deben manterse).
- Dar **as ordes unha por unha. Non abafar**. PPara un neno con TDAH é moi difícil lembrar varias indicacións xuntas, ou realizar grandes tarefas. Por iso, débesele pedir faga as cousas paso a paso dándolles as indicacións unha por unha, a medida que vaia finalizando cada actividade. Por exemplo, se ten que lavar os dentes, pode facerlle a seguinte lista:
 - *Ao acabar de comer vas ao baño cepillar os dentes.*
 - *Colle o cepillo*
 - *Molla o cepillo con auga*
 - *Ponlle pasta ao cepillo*



- *Cepilla os dentes*
 - *Enxauga a boca*
 - *Limpa o cepillo*
 - *Coloca o cepillo no bote.*
- Dar un tempo prudencial para que a cumpra.
 - Supervisar de que a orde se cumpre de maneira adecuada.
 - Eloxiar cando cumpre a norma.

3 Prestar máis atención positiva cando obedece ou cumpre as normas. Ás veces facémoslles máis caso cando se portan mal. Con todo, non eloxiamos cando está a facer algo ben. Por exemplo: Pedro sempre está cunha mala postura e facendo burla á hora de comer, o que frustra aos seus pais e fai que non paren de chamarlle “a atención”: “Pedro, para”, “séntate ben!”, “non se eructa”. Pero cando Pedro está en silencio comendo os seus pais non eloxian o seu comportamento. Isto transmite a mensaxe de que a mala conduta é mellor recoñecida que a correcta.

4 Paciencia, paciencia e máis paciencia: isto é algo moi difícil de lograr, pero hai que entender que, a miúdo, a mala conduta non é intencional, senón que ten que ver cuns síntomas que non pode controlar e coa súa natural falta de madurez. Débese tratar de controlar as sensacións de amolo e de anoxo; xa que estas poderían xerar nos nenos/as resentimento e ganas de rebelarse. Ademais, non debemos esquecer que **todo cambio require un tempo.**

5 Transmitir a orde nun ton tranquilo, contendo as emocións negativas. Isto relaxa o ambiente e transmite seguridade e control ao neno ou nena.

6 Apoiarnos no “sí”: no canto de estar todo o tempo co “non” na boca podemos denegar as peticións de maneira positiva. Exemplo: se quere xogar á tableta no canto de dicir: “agora non”, podemos dicir: “sí, pero cando acabes os deberes”.

7 Actuar como exemplo. Se pedimos, por exemplo, que faga a cama, é bo que tamén nos vexan facéndoa a nós.

8 Acordo entre a parella ou titores: deben recibir a mesma mensaxe de ambos os pais (fronte común). Se existen discrepancias entre vós, nunca deben mostrarse diante dos nenos e nenas. Iso desautorízavos e fomenta un clima de tensión entre a familia.

9 Dar alternativas onde poida elixir dentro duns límites: “Imos ao parque. Podes elixir se levas o balón ou o patinete”

10 Negociar na adolescencia (pero sen perder o control, nin deixarse gañar): isto failles sentir que os seus pais son flexibles, comprensivos, pero con autoridade. Exemplo: negociar coa hora de chegar á casa. Podedes deixalo ata ás 22:30 no canto das 22, se esa semana non houbo incidentes.

Que non se debe facer para que obedeza?:

1 Excederse coas órdenes: a maioría dos pais sentides que debedes corrixir cada erro dos vosos fillos e fillas, dándolles ordes constantemente. Con todo, cando as ordes son excesivas e arbitrarias, ou cando se lles esixe máis do que poden dar, convertédevos nunha especie de ditadores, e o voso fillo ou filla comeza a resistirse á vosa autoridade. Polo que hai que facer un esforzo extra por relaxarse e deixar de estar pendente de cada erro. Debemos permitir que teña experiencias desagradables para que vaia aprendendo e só impedir o que ocasiona un danou grave a el/ela ou a terceiros.

2 “Premiar a desobediencia”: non pode aprender que co seu mal comportamento e insistencia consegue cambiar as vosas decisións. Se desobedece e se sae coa súa, estaremos “premiando” o seu mal comportamento e aumentará a probabilidade de que volva facelo nunha situación similar.

3 3. Subornar ou chantaxear: “Sse te portas ben no dentista cómprome o xoguete que querías”.

4 Manipular a través da culpa: “vas conseguir que morra”, “cos desgustos que me dáis vou enfermar”.

E aínda así non me obedece... que podo facer?:

1 Chamarlle a atención: se se dá a orde e non obedece. Darase esta ata un máximo de tres veces. A primeira lémbra-se a orde. A segunda farase con máis contundencia. Na terceira anticiparase as consecuencias. Se aínda así non obedece, aplicarase inmediatamente a sanción. Non entrar en polémicas, nin discusións.

2 Aplicar reprimenda ou retirada de privilexios, se a desobediencia é moi frecuente.

2 TDAH E CASTIGOS: “Castígo e non funciona... Estou desesperada”

on frecuencia escóitase nas conversacións entre pais que estades desesperados porque non conseguídes que os vosos fillos e fillas cambien o seu comportamento e que ata “lles dá igual que os castiguen”. Pero... temos claro que é un castigo e se o estamos aplicando ben?.

O castigo é unha sanción que é imposta pola autoridade (pais, profesores, titores...) que se dá inmediatamente despois de que se produciu unha conduta nociva ou inaceptable (pon en risco a súa seguridade ou a dos demais, non promove a adaptación...) pola devandita autoridade, é dicir: vós. Con todo, adoitamos usar o castigo cando o neno fai algo que non queremos que faga (non para que deixe de facer algo negativo). Por exemplo: “Non estudas, castígote”, “Non vas á cama, castígote”, “non me obedeces, castígote sen a play”. Desta maneira é totalmente ineficaz! Xa que ao usalo de maneira habitual e inadecuada, non imos conseguir que o neno ou a nena emita a conduta que desexamos.

O castigo só é eficaz cando un comportamento queremos que non volva darse ou desapareza (por exemplo: que deixe de pegar, insultar...) Pero se o que queremos é que adquira hábitos de comportamento, o mellor é empregar outros métodos máis eficaces, coma os reforzos.

Entón... como debe ser o castigo para que sexa eficaz e diminúa e faga desaparecer o comportamento negativo?:

- **Nunca debe ser físico:** cando pegamos estamos mostrándolle ao neno ou nena que nos levou ao extremo e que perdemos o control da situación e por iso recorremos á labazada ou á losqueada. É unha expresión da propia rabia e frustración paterna. Este tipo de castigo non educa e non vai facer que o comportamento desapareza.
- **Debe ser continxente á conduta:** aplicarse inmediatamente despois do comportamento non desexado (por exemplo: cando pega, rompe cousas...). Non vai ser eficaz se a conduta se dá pola mañá e ímolo a castigar sen ver a Tv despois para cear. Ten que darse nada máis darse a conduta indesexable.
- **Debe aplicarse sempre que se dea a conduta:** coherencia e máis coherencia.
- **Ten que ser intenso:** “ten que amolalo”. Hai que castigalo con algo que lle importe. Para que o comportamento desapareza ten que “ver” que a consecuencia non lle gusta nada e que perde máis co castigo (é dicir, que “non lle sae rendible”). Aquí pode axudarnos coñecer ben as súas afeccións, gustos e preferencias. Nos adolescentes pódese “negociar” coas saídas ou o uso do teléfono.
- **Debe ser curto e proporcional á conduta emitida:** castigos do tipo: “cinco semanas sen tableta”, “non saes máis ata final de curso”, córrese o risco de que non se cumpra e de que non sexa razoable. Ademais, o castigo a longo prazo non consegue que a conduta desapareza.
- **Débese cumprir:** se decidimos que o imos castigar, tense que cumprir. As ameazas non serven de nada (son como o conto de “Pedro e o Lobo”). As ameazas só lle ensinan ao neno e á nena que pode seguir facendo a conduta porque non vai cumprir o castigo. Se dicimos algo, cumprilo. Se non, mellor non dicilo.

E que fago se o castigo e volve darse o comportamento inadecuado? Volvo castigalo? Acumulo castigos?:

O castigo a perpetuidade só vai conseguir indiferenza e non acabará co problema. Os nenos e nenas o que máis queren é atención. Polo que pode ser suficiente con privalos dela durante un intre. Se é un adolescente pódense buscar outras consecuencias (por exemplo: con tarefas na casa como cortar o céspede os sábados e restrinxir horarios de saídas).

Como debo aplicar o castigo?

Con total tranquilidade, serenidade e firmeza. Tentando controlar os propios nervios (son nenos, necesitan aprender...). Falando claro, pausado e con seguridade.

Tras o tempo de castigo, todo volve á normalidade (clima adecuado, sen reproches polo comportamento, abrazos,...)

Que técnicas hai alternativas ao castigo se queremos que non se dea máis un comportamento?

- **Extinción (non atender á conduta molesta):** é unha maneira eficaz de ensinar que o seu comportamento non merece atención. Cando os pais ignoran unha conduta inadecuada están desanimando o neno a que a volva a repetir. É eficaz para condutas molestas como: queixas, charlatanería, facer ruídos coa boca, poñer mala cara etc. Non é un bo método para eliminar comportamentos graves ou cando saca algún beneficio da conduta inadecuada. Por exemplo: “enrabéchase” e con iso consegue non facer os deberes.
- **Tempo fóra (método efectivo para os máis pequenos ou cando queremos calmar unha situación tensa; xa que permite tomar distancia de las emocións e tranquilizarse):** consiste en que o neno ou nena pase uns minutos nun recuncho ou nun sitio aburrido onde non poida atopar ningunha cousa divertida nin estimulante inmediatamente despois dun comportamento. É un procedemento eficaz para tratar a desobediencia e insolencia e as pelexas.

Cumpre varios obxectivos: suprime a atención que pode estar a motivar o mal comportamento, detén o conflito, reduce a probabilidade de que o comportamento empeore e dálle ao neno unha oportunidade de tranquilizarse.

O tempo fóra debe axustarse á idade do neno. Así, para nenos pequenos (4-5 anos) adóitase aplicar 5 minutos de tempo fóra e vaise engadindo un minuto máis por cada ano que teña (por exemplo: se ten 10 poñeremos 10 minutos de tempo fóra). Se pasados eses minutos a conduta persiste engadirase un minuto máis.

- **Reprimendas:** as reprimendas son eficaces en función do adecuado do “como e cando” da súa aplicación. Deben ser inmediatas, breves, consistentes (sobre todo se se acompañan dalgún custo, como perda de privilexios ou “tempo fóra”), e acompañadas de indicacións sobre a conduta que queremos que realice.
- **Economía de ficha:** (máis efectiva desde os 3 aos 12 anos): é un sistema de administración de reforzos mediante a administración de fichas, vales, adhesivos etc. Mediante ela pódese reforzar o comportamento que queremos conseguir do neno (mediante a obtención de fichas). Por exemplo: que recolla os seus xoguetes, que cepille os dentes, que estea sentado á hora para comer etc.

Este sistema debe ter unha forma tal que o neno perciba que o recibir ou non premios depende exclusivamente del/dela. Debe ser o que se dá ou se quita os premios (sempre con supervisión paterna). Ademais hai que conseguir que o sistema teña unha base de premio fixo (para non perder a ilusión) e outra de extra (incentivos) se se fan ben as cousas. O premio fixo ha de ser de contía suficiente e como para lembrarlle o que perde (picalo).

Doutra banda, hai que conseguir un cambio de mentalidade que leva deixarlle claro que os xoguetes, tempo de televisión, consola etc. non son algo ao que se ten dereito, senón un extra que se dá esperando boa conduta. O obrigatorio segundo a sociedade é: alimentación, aloxamento, vestido, afecto e educación. Se non se deixa claro isto desde o principio, a confrontación é segura xa que o neno sente que se lle quitan cousas ás que cre ter dereito no canto de ofrecerlle extras que se lle dosifican segundo a súa conduta.

EXEMPLO: FACER OS DEBERES.

- Os pais deben marcar unhas horas para facer os deberes. Poñamos que fai falta unha hora. Concederáselle 30 minutos de xogo se cumpre coa tarefa.
 - Débese reforzar o facer os deberes cun premio (unha actividade) que resulte agradable. Esta actividade (p.ex., ver un vídeo ou xogar a un videoxogo) farase a continuación e a súa duración dependerá da rapidez en facer os deberes (ben).
 - - A consecución do privilexio proponse, por exemplo, así: “De 15:00 a 16:00 horas, deberes e, de 16:00 a 16:30 horas, vídeo. Cando antes acabes os deberes (e estean ben feitos), antes empeza o vídeo. Canto máis tardes, máis vas consumindo o tempo do vídeo”. Con todo, se o neno consume todo o tempo reservado para vídeo facendo os deberes, aínda así, débesele deixar 10 minutos de vídeo para que se “pique” co que está perdendo.
- **Contrato de Continxencias:** moi útil con adolescentes. Chégase a un acordo (por escrito) entre os adolescentes e os pais sobre as condutas que se deben realizar e as consecuencias de non realizalas.



3 TDAH E ADQUISICIÓN DE HÁBITOS: “Repítollo mil veces e parece que non aprende. Non logro que faga as cousas. Parece que lle gusta que o castigue”

Como se comentou anteriormente, o castigo non é un procedemento eficaz cando queremos que os nenos e as nenas adquiran condutas desexables (por exemplo: que recollan, que estuden...). Para iso débense aplicar outros métodos, sendo un dos máis efectivos o reforzo.

A continuación expoñeranse os diversos tipos de reforzo positivo, que se comprobou que eran máis eficaces en nenos e nenas con TDAH cando o que se pretende é conseguir hábitos:

- **Atención positiva** cara ás condutas que queremos que realice: a atención é un reforzador moi poderoso. Non se trata de que deixedes de facer totalmente o que estabades a facer para prestar atención durante un período prolongado de tempo. Podedes dar atención: sorríndolles, facendo un comentario (“Lucía como me gusta cando estás xogando tranquila”) ou realizando algunha actividade cos vosos fillos.
- **Encomio**: Exemplo: eloxio específico: “Grazas por axudarme a recoller o cuarto hoxe”, “Grazas por axudarme a limpar a cociña”, “Estou moi contento porque fixeche todas as túas tarefas hoxe”. Este tipo de eloxios fan que os nenos coñezan exactamente o que os pais queren deles.
Eloxio xeral: “Síntome moi orgulloso de ti” “Demostraches ser unha moza maior axudándome”. Estes encomios xerais fortalecen a relación entre os pais e os fillos e fan que os nenos e nenas se sentan orgullosos de si mesmos.
- **Privilexios e recompensas** cando fan o que lles pedimos.

4 TDAH E RENDEMENTO ACADÉMICO: “Deberes, malditos deberes! Pasamos horas e horas e o seu esforzo non se reflicte nas notas”.

O rendemento académico dos nenos e nenas con TDAH adoita ser moi fluctuante (perfil en picos de serra); polo que teñen resultados moi variables: “hai días que saca un 9 e outros un 3 en Coñecemento do Medio”. Ademais, en ocasións os pais tedes a sensación (sobre todo tras un período vacacional) de que os vosos fillos e fillas esqueceron “todo o aprendido. Coma se borrasen a súa memoria”. Isto é normal e non indica que esqueceran as cousas, senón que hai que volverlles a lembrar o procedemento (están centrados no agora).

Á hora de facer as tarefas escolares e estudar é unha das cousas que máis vos adoita preocupar aos pais. E non é de estrañar!; xa que pode chegar a converterse nun dos momentos máis difíciles de xestionar para as familias de nenos con TDAH. Moitos choran, gritan e poñen infinidade de excusas para non ter que realízalos. E aínda que os pais cada vez estades máis implicados, boa parte vos frustrades cando, ao tentar axudarlles, as cousas non saen como esperabades, converténdose ese momento do día nunha auténtica batalla. Outros nenos non poñen resistencia, pero precisan unha supervisión continua e tardan moitísimo tempo en facer as tarefas porque se despistan ou non as entenden; o que termina provocando frustración e rexeitamento.

Que podemos facer os pais para xestionar a hora de facer as tarefas escolares?:

- **Pactar e establecer unha rutina diaria de estudo:** establecer horarios de traballo e de descanso. Pactar privilexios. Débese implicar o neno ou nena neste proceso e tratar de que o horario sexa máis ou menos fixo, e contar sempre cun tempo para imprevistos.

Cando pensamos planificar unha sesión de estudo, debemos ter presente a importancia de empezar todos os días a unha hora regular e nun horario continuo. Isto último é moi importante; xa que se dividimos o tempo de estudo en dúas veces, tarde e noite por exemplo, custaralle moito máis manter a concentración e a atención en dúas sesións diferentes. E perderá tempo na organización dos materiais, na preparación etc.

Os descansos deben estar entre os 5 e 20 minutos e non máis; xa que se se supera ese tempo pérdese toda a concentración e resultará moito máis difícil motivar o voso fillo ou filla para retomar a tarefa.

O horario de estudo debe organizarse en función da dificultade das materias. Así, débese comezar polas tarefas de dificultade media, continuar polas máis difíciles e acabar sempre coas máis fáciles e que requiren menor grao de atención. Non se debe comezar nunca polas tarefas máis complicadas por varios motivos: porque a nosa atención alcanza o seu pico máximo tras 35-40 minutos de concentración na actividade e porque o comezar polo máis complicado é o que lles esixe máis esforzo, os frustra máis e os desmotiva.

- **Preparar un lugar tranquilo e libre de distraccións para o estudo:** a mesa de estudo só ter o necesario para traballar.
- **Actuar de guía externa:** axudar a organizar e planificar o estudo diario.

Antes de poñerse a estudar:

- Débese revisar a axenda co neno ou nena materia por materia. Preguntando o que viron ese día (non só ter en conta os deberes).
- Organizar as tarefas para realizar ese día e o tempo que deben dedicar.
- Organizar o repaso dos contidos vistos ese día na clase.

- **Dividir as tarefas:** proporcionar os deberes divididos en pasos ou subtareas.
- **Instaurar aprendizaxe en autoinstrucións para realizar as tarefas:**

1 **Paro e fíxome: digo todo o que vexo.**

2 **Que teño que facer?, que me piden neste exercicio?**

3 **Como o vou facer?**

4 **Fágo.**



5 Reviso se está ben. Se está ben, risco ese exercicio na axenda e paso ao seguinte.

6 Se non está ben, repaso e corrixo. Pido axuda, se non o entendo.

- **Facer unha listaxe de todos os traballos que se deben entregar e as datas dos exames.** Anotalas nun calendario visible e organizar o traballo en prazos.
- **Axudarlle a priorizar as actividades.** Ordenando o que debe facer segundo a súa importancia. (Axudalo a reflexionar sobre a importancia de cada actividade).
- **Motívalo no estudo:** resalta os seus puntos fortes. Axúdao a establecer metas realistas e graduadas. Podedes facer unha táboa de logros e acordar privilexios pola consecución de cada logro (por pequeno que sexa). Premia o seu esforzo, non só o resultado. Axúdao a ver os seus erros e ofrécelle estratexias para non volver ter ese fallo nos exames.

Que técnicas e métodos de estudo se deben empregar?

1 Método estudo activo e dinámico que inclúan actividades amenas: emprego de materiais didácticos atractivos como: ábacos, cartas, xogos de mesa, material manipulativo, vídeos, cancións e actividades de computador/tableta. Resulta moi interesante promover o xogo na aprendizaxe creando e utilizando materiais cos que traballar diferentes temas.

2 Método de estudo activo e visual: os nenos e nenas con TDAH teñen, polo xeral, unha boa memoria fotográfica. Polo que resulta recomendable á hora de estudar: empregar diferentes cores, rodear as palabras clave, crear mapas conceptuais con debuxos e empregar técnicas mnemotécnicas baseadas na visualización.

3 Técnicas para mellorar a comprensión lectora: 1. Primeira lectura global, 2. Detéñome no título e trato de extraer información (de que vai?, que sei sobre este tema?), 3. Divido o texto en parágrafos e extraio a información fundamental (ideas á marxe), 4. Fago un esquema do importante, resumo e repaso.

4 Técnica baseada en autopreguntas: de cada tema fórmulanse unha serie de preguntas do seu contido que se deben ir desenvolvendo. Por exemplo: Tema “A célula”: que é unha célula?, cantos tipos hai?, en que se parecen?, en que se diferencian? etc. Con esta técnica preténdese fomentar o pensamento lóxico-deductivo e adestrarlos á hora de realizar preguntas de desenvolvemento no exame.

5 Emprego de autoinstrucións e gráficos para a resolución de problemas matemáticos.

O meu fillo ou filla organízase e fai as súas tarefas pero... aínda así suspende, que está a fallar?

O baixo rendemento escolar nos nenos e nenas con TDAH adoita ser unha tónica habitual e, en ocasións, o trastorno pode ir acompañado de problemas de aprendizaxe ou trastornos específicos de aprendizaxe (exemplo: dislexia, discalculia, trastorno da linguaxe etc).

A TDAH E DIFICULTADES DE APRENDIZAXE:

Moitos nenos e nenas con TDAH experimentan dificultades nas súas aprendizaxes como consecuencia directa dos déficits cognitivos asociados ao trastorno (dificultades de atención, en memoria de traballo, función executiva e control do impulso).

Cústalles “filtrar” toda a información e os estímulos que lles chegan do seu contorno. Cústalles manter o foco de atención, teñen dificultades importantes á hora de establecer prioridades, planificar e xestionar o tempo e aprender das experiencias. Isto fai que non poidan centrarse nas súas tarefas e “ver” con claridade as súas metas para ir a por elas; polo que perden facilmente a motivación necesaria para manter un ritmo adecuado de traballo e alcanzar os obxectivos académicos.

Desta forma, algúns dos problemas de aprendizaxe que poden observarse son:

1. Como consecuencia da impulsividade: cometen erros nas respostas dos exercicios e os exames, xa que as elaboran sen realizar unha análise previa (responden de maneira breve, usando unha linguaxe pouco elaborada (“coma os indios”, non contestan a todo o que se lles pide...). Durante a lectura adoitan saltarse palabras ou liñas, o que unido ás dificultades en flexibilidade cognitiva, afecta á comprensión lectora. A súa caligrafía é pobre, desorganizada e irregular.

2. Como consecuencia da falta de atención: non adoitan acabar as tarefas ou empregan un tempo excesivo para terminalas. Cústalles seguir todas as instrucións ou perden o obxectivo das tarefas, o que é un factor imprescindible, por exemplo, á hora de realizar problemas cometen moitos erros por descoido (descoidos). Pérdense en detalles irrelevantes para a tarefa e non captan a idea principal (porque non son capaces de seleccionar as cousas importantes ás que deben atender). E ao ser incapaces de manter a atención nunha tarefa que carece de interese para eles, dificilmente poden integrar e almacenar correctamente os conceptos traballados na clase.

3. Como consecuencia das dificultades en memoria de traballo: poden presentar recordos incompletos, fallos á hora de seguir instrucións, perseverar nos erros cometidos (non aprenden do erro, cometen unha e outra vez os mesmos fallos), fallan á hora de resolver problemas etc.

4. Como consecuencia das dificultades no funcionamento executivo: nos exames distribúen mal o tempo ou vanse pola tanxente á hora de responder, cústalles establecer a orde de prioridade á hora de realizar as tarefas, organizar a información que teñen que plasmar no papel etc.

Desta forma, esta falta “de capacidade de revisión” xunto á “incapacidade para manter o esforzo” e a “selección inadecuada da información relevante” fai que os mozos e mozas con TDAH rendan por baixo das súas posibilidades nos estudos.

E que se pode facer para tratar de mellorar o rendemento escolar?:

Na casa podeades poñer en práctica algunhas técnicas de estudo, traballar mediante autoinstrucións, estruturar o ambiente de estudo e servir de guía externa para organizar as tarefas escolares, supervisar deberes e axudalos coa xestión dos tempo (por exemplo: tras organizar as tarefas poñer un tempo tope para facer cada bloque de exercicios e logo axudarlles a repasalas e corrixir erros).

Tamén debeades solicitarlle ao seu centro educativo a aplicación de medidas educativas adaptadas ás súas necesidades. Para iso podeades solicitar unha reunión co titor ou titora do voso fillo ou filla e o orientador para que realicen unha pequena valoración das necesidades educativas do menor e poñan en marcha na aula as adaptacións metodolóxicas e de organización necesarias en función do caso. Para iso poden valerse, como referencia, do Protocolo de consenso sobre TDAH da Xunta de Galicia. <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/12908>.



B TDAH E TRASTORNOS ESPECÍFICOS DE APRENDIZAXE:

Estímase que ao redor dun 20% dos nenos e nenas con TDAH presenta, ademais, un Trastorno Específico de Aprendizaxe, especialmente nas áreas de: lectura, escritura, linguaxe ou cálculo. Así, algúns dos trastornos de aprendizaxe que poden dar comorbidamente ao TDAH son:

a) Dislexia: os nenos e nenas con dislexia len con moita dificultade. A súa lectura é lenta, entrecortada, chea de pausas, erros e rectificacións. O que altera a velocidade e mecánica lectora.

Isto prodúcese porque ten dificultades á hora de dividir as palabras nos sons que a forman (ruta fonolóxica) ou porque lles custa recoñecer a súa representación gráfica (ruta léxica). Así, se a dislexia se une ao TDAH, os problemas en memoria de traballo van facer que cando chegue ao final do parágrafo se esqueza do significado das primeiras palabras que leu (ao non ser capaz de reter a información) e que a falta de automatización da lectura o leve a non comprobar se unha palabra encaixa ou non nunha determinada frase. Isto tería como consecuencia que o neno ou nena debería investir tal cantidade de tempo, esforzo e enerxía nas tarefas de decodificación, identificación de palabras e comprensión que se verá desbordado e non será capaz de manter o nivel de esforzo e terminará desmotivándose e abandonando a tarefa.

b) Discalculia: os nenos e nenas con este trastorno teñen dificultades significativas para realizar procedementos de cálculo, crear estratexias para resolver problemas matemáticos, entender o concepto de número, clasificar tamaños relativos, aprender conceptos matemáticos abstractos etc. Se á discalculia se lle suma o TDAH, terá problemas para reter a información indispensable para poder resolver un problema, manter o foco de atención durante a resolución dos problemas e detectar os erros e corrixilos. Polo que aparecerán problemas para memorizar as táboas de multiplicar, lembrar secuencias de díxitos, comprender o significado dos signos matemáticos e comprender os enunciados dos problemas.

c) Trastorno Específico da Linguaxe: son nenos e nenas que presentan alteracións no desenvolvemento da linguaxe, afectando á súa expresión (articulan mal, fala pouco fluída e inintelixible) ou á súa comprensión. E que perduran no tempo. Se ademais teñen TDAH

van ter dificultades (debido ao déficit no funcionamento executivo e ao pobre control do impulso) á hora de que o seu discurso siga unha liña argumental clara e adoitan “irse polas ramas”, á hora de contestar as preguntas (contestan de maneira impulsiva e sen escoitar toda a pregunta) e á hora de gardar a quenda (interrompen cando o outro está a falar) o que dificulta que poidan manter unha conversación.

Que se pode facer se sospeitamos que o noso fillo ou a nosa filla ten un trastorno de aprendizaxe?

Se voso fillo ou filla presenta algunhas das dificultades descritas anteriormente, o primeiro paso que se debe dar é ter moi claro en que área está o problema e para iso é conveniente solicitar unha valoración cognitiva por parte de profesionais (neuropsicólogo) para determinar cales son os déficits de aprendizaxe e descartar déficit intelectual. Co fin de poder establecer estratexias concretas e medidas individualizadas de intervención en función das necesidades individuais do voso fillo ou filla.

A abordaxe terapéutica vai depender do tipo de trastorno que presente o menor. Pero, a groso modo, debería incluír: unha serie de adaptacións curriculares específicas (que deberá concretar o orientador de o centro educativo), un traballo de reeducación psicopedagóxica específico ou estimulación cognitiva e, no caso de ser necesario, unha intervención psicolóxica que permita un adecuado manexo das condutas inadecuadas asociadas ao TDAH e problemas de autoestima, baixa motivación e ansiedade secundarios.

Aínda que como pais sodes unha parte importantísima no tratamento e manexo do TDAH. Non debes esquecer que ante todo sodes iso: papás e mamás. Por iso se facer a tarefa escolar cos vosos fillos supón unha fonte de tensión e conflito continua; quizás se deba valorar a posibilidade de ter un profesor de apoio. E/ou ofrecerlle apoio en reeducación pedagóxica por parte dun profesional cualificado (psicopedagogo, psicólogo infantil ou neuropsicólogo clínico infantil).

C TDAH E AGRESIVIDADE: “Non fai máis que pelexar co seu irmán,” “Métese en leas e pelexas constantemente”, “Non fai máis que insultarnos ao seu pai e a min”, “Cando se anoxa tira o que atope por diante”

A agresividade no TDAH é un dos síntomas prominentes na súa presentación clínica e ata nun 54 % este síntoma afecta de maneira significativa á calidade de vida deles mesmos e das súas familias. Os estudos que se realizaron ata o momento concluíron que os pacientes con TDAH presentan en xeral máis comportamentos de tipo agresivo que a poboación xeral. E é o TDAH de presentación combinada o que máis frecuentemente presenta esta asociación sintomática. Ademais existe unha correlación entre a gravidade do TDAH e a aparición de condutas e/ou comportamentos agresivos. É dicir canto máis grave é o cadro de TDAH (especialmente se non está tratado) máis graves son as condutas agresivas e canto máis grave a agresividade peor evolución terá o TDAH.

Que se entende por conduta agresiva?

Enténdese por conduta agresiva toda aquela conduta que ao ser realizada causa un dano a un mesmo, a outros ou ao contorno físico. É unha conduta de risco polo que é moi importante avaliala de maneira adecuada cando se presenta.

Durante o desenvolvemento, entre os 2 e 3 anos, a presenza de certos comportamentos agresivos e impulsivos (as famosas perrenchas) son normais e teñen que ver coa inmaduridade do sistema nervioso central. Pero a medida que se desenvolven as competencias lingüísticas e mellora o autocontrol emocional estas condutas desaparecen e contéñense.

Que tipos de comportamentos agresivos podemos atopar?:

1 Agresividade reactiva ou impulsiva: é a característica nos nenos e nenas con TDAH. Son condutas que aparecen en forma de resposta reflexa (acción-reacción) e que tratan de liquidar unha serie de presións emocionais internas (frustración) de maneira inmediata. Son actos impulsivos realizados en momentos de disregulación emocional. Por exemplo: “Os pais de Manuel prometéranlle que o deixarían saír o sábado cos seus amigos, pero xurdiu un imprevisto e non pode. Manuel enfádase e non escoita as explicacións dos seus pais. Empeza a dar portadas e a tirar as cadeiras mentres grita sen control”.

2 Agresividade proactiva ou funcional: non é característica do TDAH. E fai referencia a aquelas condutas agresivas que levan a cabo para conseguir un beneficio. Exemplo: “Marcos empuxa e pégalle á súa nai para collerlle o diñeiro da carteira e así comprar alcol”.

Cales son os motivos da agresividade nos nenos e nenas con TDAH?:

A agresividade no TDAH está relacionada con:

- A impulsividade, que é a predisposición a reaccionar de forma inesperada, rápida e esaxerada ante unha situación que é vivida polo neno ou nena como ameazante (por exemplo: que outro neno o empuxe, que se metan con el ou ela, lle griten...) ou ante sinais internas (por exemplo: ante situacións de ansiedade), sen facer unha reflexión previa da situación, nin ter en conta as consecuencias dos seus actos.
- A disregulación emocional e a xestión na expresión de emocións.

Ante que situacións os nenos e nenas con TDAH poden presentar episodios agresivos?

Ante situacións:

- Estresantes.
- Cambios na rutina.
- Con consecuencias inesperadas. Exemplo: non poder xogar despois de facer os deberes.
- Que lle causen frustración.
- Que consideren inxustas.
- Que xeren ansiedade.

Ante estas situacións o neno ou a nena con TDAH pode perder completamente o control da situación presentando: agresividade verbal (grita, insulta...) e/ou física cara a el mesmo (golpea, tírase dos pelos...), cara aos demais (por exemplo: ameaza cunhas tesoiras ou dálle un empurrón ao irmán) e cara a obxectos (tira cousas ao chan...). Estes episodios agresivos adoitan durar uns minutos se hai un bo control/xestión da situación.

Que podemos facer os pais ante un episodio agresivo?:

- Intentar **reconducir o neno ou a nena un lugar seguro** (or exemplo: saír ao xardín se a casa o permite ou ir ao seu cuarto, evitar, por exemplo que estea na cociña onde hai obxectos que poden causar maior dano e entrar en escalada na discusión).
- **Eliminar da situación aqueles elementos cos que poida facerse dano** (por exemplo: tesoiras, coitelos, separalo das xanelas por se ameaza con tirarse etc).
- Tentar **que na situación só haxa unha persoa que poida manexar a situación**, se hai varias persoas pode poñelo máis nervioso (debe ser o adulto que estea máis acougado)
- Se tivese **irmáns ou irmás, intentar distraelos e levalos a outra habitación da casa.**
- **Deixar o neno tranquilo no seu cuarto**, deixalo só nun lugar seguro

Que non debemos facer ante un episodio agresivo?:

- Tentar razoar ou falar co neno ou a nena nese momento. Non poderá e incrementárase o episodio.
- Continuar detrás del gritándolle ou berrándolle, poñerese máis nervioso.
- Perseguilo por toda a casa.
- Berrarlle comentando o mal que está provocando (por exemplo: síntome moi mal pola túa culpa). Nese momento non se razoa.
- Deixarlle que faga o que queira (por ex. tirar, partir cousas etc.).

A idea principal non é que faga o que queira, senón que aprenda a controlarse abandonando a situación, e reconducindo esa impulsividade en actos que non leven consecuencias negativas (por exemplo: marchar un intre ao cuarto e golpear a almofada ou escoitar música). Se fose necesario, o menor debería recibir axuda terapéutica que o axudase a xestionar e manexar as súas emocións e a desenvolver estratexias de autocontrol (exemplo: técnica do semáforo, o volcán, toma de decisións e resolución de problemas...).

Que podemos facer cando non se pode controlar a situación porque é moi grande ou ten moita forza?:

Cando son pequenos adóitase xestionar mellor estas situacións e as consecuencias da súa conduta poida que non sexan tan graves. Pero a medida que crecen e continúan os problemas de impulsividade os episodios de agresividade vólvense máis complicados de manexar. Por iso é moi importante traballar o control do impulso e o autocontrol emocional coa finalidade de que o episodio agresivo non chegue a ocorrer (se controle antes).

Pode ser de utilidade facer un rexistro que vos axude a analizar as causas que levarán á conduta agresiva. No devandito rexistro debes anotar: Que ocorreu antes de que



ocorrese o episodio agresivo? Como estaba el/ela? Como estabades vós? Que funcionou para que se acougase?.

Por outra banda, algunhas das estratexias que vos poden axudar a evitar a aparición de episodios agresivos son:

- **Ante situacións estresantes:** ensinarlle ao neno ou á nena a xestionar a súa ansiedade (técnicas de autocontrol, técnicas de relaxación, de cambio de foco atencional, permitirlle ir a un lugar só durante un intre...).
- **Ante cambios dentro dunha rutina:** tentar na medida do posible manter unha rutina nas situacións que para el/ela son máis importantes. No caso dalgún cambio, anticipalo, se é un adolescente, podeades negocialo (por exemplo ir de vacacións, ou empezar unhas clases particulares).
- **Ante consecuencias non anticipadas:** non podemos castigalo segundo nos pareza e de forma cambiante. Por exemplo, por non facer as tarefas, quedas sen computador. Cando o vexamos que non se pon a facer as tarefas, lembrarlle, se non te pos, lembra que quedarás sen computador. É dicir, anticiparlle tanto os castigos como os reforzos.
- **Ante situacións frustrantes:** presentan baixa tolerancia á frustración, é por iso que deben aprender a xestionala. Xunto coas estratexias de manexo da frustración e xestión de conflitos que lle pode ensinar un psicólogo (técnica do semáforo, o volcán, o termómetro das emocións, técnicas de resolución de problemas e toma de decisións...), na casa tamén é importante que se traballe con eles o autocontrol a partir de autoinstrucións e poñer en marcha as estratexias aprendidas en terapia (axudalos na resolución de problemas e toma de decisións, ofrecer sinais de aviso cando se detecta unha posible situación de “perigo” etc.).
- **Ante situacións inxustas:** presentan unha gran memoria para lembrar aquilo que se prometeu ou que se dixo, mostrándose pouco flexibles nas situacións. É por iso que anticipar as normas e consecuencias positivas/negativas axudarao a comprender a situación e adaptarse a ela.

- **Situacións ansiosas ou depresivas:** deberá recibir axuda por parte dun especialista (psicoterapeuta) para aprender como xestionar as ditas situacións e para tratar a súa ansiedade/depresión. Pero desde a casa, poderase axudar anticipando, explicando e poñéndose no seu lugar.

Cada mamá, papá, cuidador ou cuidadora coñece moi ben seu neno ou nena. **Todos temos días malos, eles tamén:** por iso é importante obsérvalo naqueles momentos en que o vexas angustiado e que poida levar a un episodio agresivo. Tenta ensinarlle estratexias para reducir esa ansiedade ou evitar a dita situación (por exemplo: facer algo que lle gusta, saír pasear, facer deporte, preguntarlle que lle pasa, ver unha película, distraerse etc.).

Se o episodio agresivo é grave debe ter consecuencias?

O episodio agresivo debe ter consecuencias. Haberá que esperar ata que acougue, para poder falar con el/ela. Normalmente os nenos e nenas con TDAH despois do ocorrido teñen gran sentimento de culpabilidade. É entón, cando se deberá falar con el/ela, sen reproches, só explicándolle que debería de facer nesa situación, buscar a verdadeira causa do seu enfado, validar a emoción (non a conduta), darlle alternativas á conduta violenta por se se volve a dar a situación ou axudarlle a buscar solucións. Finalmente, explicaráselle a consecuencia do seu acto. Por exemplo: non poderá ir ao fútbol, non irá ao cinema a fin de semana etc.

Unha estratexia que pode ser útil é que “arranxen” aquilo que estragaron nesa situación. Por exemplo: que recollan as cousas do chan, teñan que pagar aos poucos se romperon a tele etc.



Que facemos cando o xestionou adecuadamente retirándose da situación?


No caso en que xestionase de forma adecuada as súas emocións, debe deixarse tempo para que el mesmo se controle, é dicir, non acudir inmediatamente a falar con el. Debemos fomentar a reflexión sobre o seu propio comportamento. Pasadas unhas horas, ou depende da situación, achegarnos a el/ela, e falarlle. Podemos falar sobre calquera cousa, e máis tarde comentarlle facer referencia ao orgullosos que estamos del ou dela polo ben que controlou a situación, mostraremos interese por como sente e axudáremoslle a reflexionar sobre a razón da súa frustración ou enfado ofrecéndolle estratexias para liquidar a situación e a aceptar a emoción.

Finalmente, non hai que esquecer que non hai receitas máxicas para solucionar un episodio agresivo, cada persoa/familia/situación é diferente e a actuación ante ela variará. E ante episodios graves sempre contar coa axuda dun especialista.

D TDAH E CONDUTAS DE RISCO: A atracción polo perigoso.

Os adolescentes con TDAH son moito máis vulnerables a presentar problemas de abuso de drogas (incluído o alcol e o tabaco) e condutas de risco (embarazos non desexados, enfermidades de transmisión sexual, conducción temeraria...) que o resto de adolescentes; xa que debido á súa impulsividade (e moitas veces problemas emocionais) teñen máis probabilidades de implicarse nestas accións (senten unha especial atracción por todo aquilo que supoña un “xute de adrenalina” e busca de sensacións).

De feito, os adolescentes con maior risco de abuso de substancias, son aqueles cuxo TDAH non foi tratado adecuadamente (o diagnóstico e tratamento cedo inflúe de maneira directa a reducir a posibilidade de desenvolver condutas de risco e de adiccións ao chegar a adolescencia). E moitos deles acoden ao consumo de substancias de abuso (como o cannabis) para reducir, de maneira inconsciente, a súa sintomatoloxía (“hipótese da automedicación”).



Que factores poden contribuir a desenvolver unha adicción?:

- Baixa autoestima.
- Fracaso escolar.
- As malas compañías (moitos adolescentes con TDAH adoitan xuntarse con mozos e mozas pouco recomendables nun intento de satisfacer o seu sentido de pertenza a un grupo e de destacar en algo. Adoitan ser mozos e mozas que acumulan un gran historial de fracasos e son rexeitados polo seu grupo de iguais).
- Soidade.
- Accesibilidade ás drogas.



Que podemos facer os pais para previr o consumo de drogas?:

- Proporcionar información adecuada, precisa e oportuna desde a infancia sobre as drogas e os seus efectos. Non ser permisivos co alcol. E actuar de exemplo na casa.
- Felicitar e eloxiar os logros e axudalos a aprender dos seus erros.
- Fortalecer a capacidade de decisión e a resistencia á presión grupal.

- Motivalos para que teñan metas na vida e axudalos para que poidan conseguilas.
- Ter en conta as súas opinións, orientalos cando cometan erros e non comparalos con outros membros da familia ou amizades.
- Actuar como exemplo: ensinarlles que poden conseguir superar os problemas sen consumir drogas..
- Coñece os amigos dos teus fillos e fillas: motívalos para que os conviden á casa, relaciónate cos pais dos seus amigos (facer fronte común para detectar problemas).
- Fomenta o lecer saudable como o deporte.
- Fortalece a autoestima do teu fillo e filla con cariño e con límites. Elóxiao polos seus logros, motívaos ante o fracaso.
- Ensínalle a dicir NON. Fortalece a súa seguridade e decisión ante a presión das súas compañeiros.
- Establecer normas claras na familia sobre o uso/abuso de drogas ou alcol.
- Está atento a posibles sinais de consumo: cambio no comportamento, cambio de amizades etc. Ante estas situacións actúa con calma e fala co teu fillo e filla. Coméntalle as túas dúbidas e sospeitas sobre o consumo. Sé comprensivo se confesa que as toma e bríndalle apoio. E se a situación te supera non dubides en consultar cun profesional.
- Favorece unha boa relación afectiva entre os membros da familia.
- Desenvolve unha boa comunicación co teu fillo e filla: escoita, fai críticas construtivas...

E TDAH E ADICCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS: “Pasa horas e horas coa consola”, “Ponse agresivo se non ten o teléfono”

Cando é necesario intervir por adicción ás tecnoloxías (TIC)?

- 1 Cando o tempo gastado en tecnoloxía consome completamente o que debería usar para outras actividades.
- 2 Cando abandona outros entretementos que adoitan ser divertidos para el/ela, como xogar cos irmáns ou os seus amigos.
- 3 Cando se retira de momentos familiares e amizades.
- 4 Cando demanda o uso das TIC mentres se come.
- 5 Cando gasta moito tempo en Internet sen ningún propósito.
- 6 Cando as súas emocións se volven incontrolables ao poñerlle límites sobre o seu uso.
- 7 Cando presenta ansiedade e cambios bruscos de estado de ánimo ao separalo delas.

Que podemos facer para evitar o uso excesivo das TIC?:

- Ser un modelo de uso responsable das TIC. Para dar exemplo é necesario que vós
- tamén deixedes ou rebaixedes o uso das TIC. Hai que establecer límites de tempo e empregalo noutras actividades saudables (por exemplo: deporte, lectura, tempo en familia para falar).
- Marcar os tempos de uso das tecnoloxías.

- Buscar alternativas: facer unha lista de cousas que lle gusten.
- Buscar axuda profesional se a situación é incontrolable, non hai boa comunicación paterno-filial e a ansiedade é moi alta.

Como podemos previr a adicción ás TIC?:

Podedes establecer unha serie de normas básicas como:

- 1 Fixar un tempo límite de uso. Por exemplo: unha hora ao día en función da idade.
- 2 Determinar que se debe pasar o mesmo tempo xogando e estando cos seus amigos ou irmáns.
- 3 Insistir en que se necesitan o computador e Internet para realizar actividades escolares debe limitarse a que o seu uso sexa só para isto.
- 4 Priorizar os momentos en familia antes que as TIC.
- 5 Permanecer xunto a eles mentres usan os dispositivos.

E se todo iso non é suficiente, instalar o computador e demais tecnoloxías no salón, onde sempre se poida vixiar.



F TDAH E ACOSO ESCOLAR: Que podemos facer os pais?

En primeiro lugar, débese solicitar toda a información posible tanto do menor como do seu contorno social e/ou escolar. No caso de que existisen circunstancias que indiquen que se están producindo calquera destas situacións, débese poñer en comunicación co centro escolar e/ou autoridades pertinentes.

É importante coñecer o Protocolo de acoso escolar da Xunta de Galicia:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17563>



BLOQUE II: RELACIÓN FAMILIA-CENTRO ESCOLAR DO ALUMNO CON TDAH.

1 Diagnosticaron o meu fillo ou filla de TDAH, debería informar o centro educativo?:

ando o voso fillo ou filla foi valorado e diagnosticado de TDAH por parte dun profesional clínico, é importante informar e entregar unha copia do informe ao centro escolar para que dispoñan de toda a información relevante para ofrecer as adaptacións e recursos que o voso fillo ou filla necesita.

2 Tras entregar o informe, pode solicitar unha valoración psicopedagóxica?:

ras a entrega do informe pode solicitar unha valoración psicopedagóxica por parte do equipo de orientación co fin de determinar se o voso fillo ou filla precisa dalgún tipo de adaptación metodolóxica ou curricular.

Esta valoración permite que estes alumnos poidan recibir os apoios necesarios tanto no interior da propia aula (adaptacións de exames, colocación do alumno na aula etc.) como fóra (AL, PT...) para que poida alcanzar os mesmos obxectivos educativos que os seus iguais. Tamén serve para determinar se se precisa dunha adaptación curricular significativa ou non (isto último deberao valorar o Equipo de Orientación Específico de zona (EOE)).

Tal e como se comentou en puntos anteriores, estas consideracións, así como as propostas de adaptacións metodolóxicas atópanse reflectidas no Protocolo de actuación da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para os centros educativos. Entre elas destacamos:

- Escolarizar o alumnado con TDAH nas aulas ordinarias.
- Sensibilizar o profesorado coas medidas de atención á diversidade para alumnado con TDAH, incluíndoas nos documentos do centro: Plan xeral de atención á diversidade e Plan de convivencia.

- Que a orientadora ou orientador informe o profesorado das conclusións da avaliación psicopedagóxica (necesidades do alumnado nos diferentes ámbitos e propostas de intervención interdisciplinaria que se realizan).
- Informar e formar o profesorado, de xeito que coñeza as características do TDAH e as estratexias para realizar os axustes necesarios e que entenda que este alumnado ten un trastorno do neurodesenvolvemento e non confundilo con alumnado mal educado pola familia.
- Establecer canles de coordinación entre todo o profesorado que lle imparte clase ao alumnado con TDAH, para unificar pautas metodolóxicas, sistemas de avaliación e técnicas de control da conduta.
- Incentivar a elección da titoría con alumnado con TDAH por parte do profesorado con experiencia e formación específica.
- Sistematizar o intercambio de información nos cambios de curso e de etapa educativa ou de centro do alumnado con TDAH, para asegurar a continuidade do proceso formativo.
- Garantir a coordinación entre a familia, o profesorado, os servizos de orientación e os servizos sanitarios e/ou sociais e as entidades sen ánimo de lucro relacionadas co TDAH.

3 Como debe ser a relación entre a familia e o centro educativo?: PAUTAS PARA A RELACIÓN FAMILIA-CENTRO ESCOLAR:

Para o bo funcionamento escolar dos nenos e das nenas con TDAH é moi importante que manteñades un contacto continuo e de corresponsabilidade co centro escolar. Xa que non nos podemos esquecer de que a intervención que se leva a cabo cun neno ou nena con TDAH ten que ser multidisciplinar e multimodal; na que participen de forma activa todos os axentes que interveñen de maneira directa ou indirecta co menor (familia, profesores, profesionais externos ao centro).

Para manter este contacto continuo é recomendable fomentar co titor ou titora citas regulares, e solicitar a hora con antelación (na primeira cita deixar fixada a seguinte). Acordar con el ou ela realizar tamén un seguimento co resto de profesores para ver como vai evolucionando nas diferentes materias.

Nestas citas é recomendable ter presentes unha serie de puntos que son esenciais para manter unha boa comunicación e que a intervención vaia no sentido oportuno:

- 1 Solicitar na titoría información sobre o comportamento do voso fillo ou filla tanto na clase como cos seus compañeiros.
- 2 Informarse do rendemento e dificultades en cada unha das materias. O seu nivel de autonomía e concentración no traballo.
- 3 Planear conxuntamente uns obxectivos realistas tanto para pais como para profesores para levar a cabo tanto na casa como no centro escolar. Que sexan poucos pero alcanzables, de maneira que conforme se vaian conseguindo, a motivación do neno ou nena tamén o fará. Poderanse ir expondo máis a medida que se consigan. Este paso é moi importante, debido a que se se realiza o traballo tanto na casa como no colexio, encamiñados ambos a conseguir un mesmo obxectivo, estaremos a colaborar para conseguir a súa consecución.
- 4 Se non se cumprisen algún dos obxectivos, débese analizar por que non se logrou e tentalo ata a seguinte cita. Nunca debemos tirar a toalla. Que unha estratexia determinada non funcionase non significa que o obxectivo non sexa alcanzable, senón que debemos expor unhas pautas diferentes, sempre tendo presente e en conta as características persoais do neno ou nena co que se está traballando.
- 5 Pedir un informe verbal de todos os profesores sobre a conduta do neno ou nena, rendemento académico, estado emocional e relacións cos seus compañeiros e profesores. Desta maneira saberemos como é a situación actual e global. Tan importante como o seu rendemento académico, o é o seu estado anímico, que inflúe de maneira directa sobre o primeiro. Tamén ocorre o mesmo coas relacións que manteña tanto cos compañeiros coma cos adultos de referencia no centro escolar, o profesores. Un ambiente cálido, estruturado e organizado axudará a desenvolverse mellor e a conseguir unha maior adaptación.
- 6 Hai que traballar conxuntamente e valorar o traballo realizado por ambas as partes. Os profesores deben de saber que a familia está aí para axudar a que o neno mellore e a familia debe asegurarse de que o colexio poñerá a vontade e os medios necesarios para iso.

4 A comunicación coa comunidade educativa non é frutífera, que podo facer?

Se non hai unha comunicación fluída co titor ou titora do voso fillo ou filla deberedes recorrer á dirección do centro e tratar de intensificar os apoios externos recibidos.

No suposto de seguir sen recibir as respostas esperadas por parte da comunidade educativa (tras esgotar a vía do diálogo e a comunicación xerárquica), deberase recorrer á Inspección de Educación da zona así como a un asesoramento legal se fose necesario, para obter un resultado satisfactorio.

Non esquezas que o representante legal do teu fillo ou filla ata a maioría de idade es ti e a túa obriga como pai ou nai é velar polos seus intereses e facer valer os seus dereitos, sen deixar de lado cumprir e facerlle cumprir as súas obrigas.

No caso de que optar por estas medidas creasen un ambiente de tensión que afectase o menor pódese considerar a opción de cambialo de centro educativo.

Achégase un anexo que contempla a normativa vixente e medidas metodolóxicas aplicables en todas as etapas escolares e académicas, así como en probas oficiais.

5 Podo acceder a unha copia do exame do meu fillo con TDAH?

A totalidade do expediente académico dos menores debe estar ao alcance dos seus titores legais polo que: tanto as notas, como as actividades, como os exames poden ser solicitados ao centro escolar. Con todo, é certo que o exame orixinal non pode saír do centro, pero poderedes velo e saber en que falla o voso fillo e filla.

6 REFORZO ACADÉMICO E REEDUCACIÓN PSICOPEDAGÓXICA: son o mesmo?, en que se diferencian?

Tal e como se aludín anteriormente, os nenos e nenas con TDA adoitan presentar un baixo rendemento académico debido á propia sintomatoloxía do trastorno ou porque este vai a acompañado dun trastorno de aprendizaxe.

Á hora de elixir que tipo de apoio precisan os vosos fillos é importante coñecer cales son os déficits cognitivos e as necesidades específicas que presentan. Así, en función das dificultades que presenten podedes optar por:

- Medidas de apoio escolar: céntrase exclusivamente no desempeño académico nunha ou varias materias nas que o neno ou nena precise un reforzo. Son as chamadas “clases particulares”. Son útiles cando o/a menor non presenta ningunha dificultade de aprendizaxe ou organización e só precisa reforzar algunha materia con supervisión.
- Reeducación psicopedagóxica: é levada a cabo por profesionais (psicólogo, neuropsicólogo e psicopedagogo) que contan con formación específica en trastornos do neurodesenvolvemento, psicopatoloxía infanto-xuvenil e trastornos de aprendizaxe. Trátase de intervencións personalizadas e específicas orientadas a traballar: dificultades escolares de aprendizaxe vinculadas á presenza dalgún trastorno específico como a dislexia, a discalculia, o TDAH etc. Non se centra exclusivamente no desempeño académico senón que tamén intervén en:
 - Desenvolver estratexias de intervención nos problemas de lectura, escritura e cálculo (entre outros).
 - Planificación e organización: axenda, horarios de estudo, cartafol, apuntamentos...
 - Técnicas e métodos de estudo: pre-lectura, lectura, subliñado, resumo, esquema e estudo. Preparación de exames: (pre-durante-post).
 - Traballar a motivación e a autoestima ante as tarefas escolares.
 - Potenciar condutas adecuadas (estar sentado na cadeira, acabar as tarefas, pensar antes de responder...) e reducir/eliminar as pouco adecuadas (comentarios fóra de lugar, levantarse constantemente, non seguir as instrucións, berrar...).
 - Xeneralización das condutas adecuadas a todos os ámbitos problemáticos.
 - Estimulación cognitiva.



BLOQUE III: VIOLENCIA E CONSECUENCIAS

Os menores poden verse envoltos en situacións complexas de risco e perigo que, en ocasións, os leva a incumplir as normas penais e administrativas vixentes. Esta maneira de actuar pode chegar a ter consecuencias graves tanto para estes menores como para os seus pais, titores ou gardadores.

Nestes casos, é importante diferenciar os menores de idade inferior a catorce anos que non terían responsabilidade penal aínda cando cometesen algún delito, e aqueles menores de idade entre catorce e dezaoto anos que se verían sometidos á xurisdición penal específica de menores, orientada á recuperación, reeducación e integración do menor.

É necesario tamén atender aquelas ocasións nas que os nenos vítimas de delitos (acoso, lesións, ameazas, malos tratos habituais, violencia de xénero, sexting etc.) porque afectan o seu desenvolvemento psicossocial e os seus comportamentos futuros.

A modo de exemplo expomos algúns casos que se dan con moita frecuencia no día a día:

1 Que facer se o meu fillo con TDAH foi agredido?

Esta é unha realidade habitual na que o neno aparece como vítima dun delito. Nun primeiro momento, débese coñecer a totalidade de características do feito así como todas as posibles versións, xa que, canta máis información se dispoña, máis fácil será o procedemento que se debe seguir.

As nosas leis permiten que os menores de idade, vítimas ou testemuñas de delito, poidan formular unha denuncia por estes feitos sen necesidade da presenza dos seus pais ou titores, e os axentes que recollen esta denuncia deben poñelo inmediatamente en coñecemento dos seus pais ou titores.

En todo caso, o máis lóxico é que sexan os pais os que comparezan ante a Policía, a Garda Civil, a fiscalía ou o xulgado de garda a interpoñer a correspondente denuncia para que de forma máis eficaz se poidan tomar as medidas de protección que resulten máis adecuadas segundo a situación de que se trate.

Existen protocolos de actuación que as forzas e corpos de seguridade deben seguir en casos coma este, coa finalidade de garantir o propio interese do menor, polo que os pais deben acudir con tranquilidade e garantía a estas dependencias sempre que o consideren necesario. Con todo, resulta conveniente e adecuado que previamente poidan buscar asesoramento legal a través de avogados que lles faciliten e proporcionen respostas a todas aquelas dúbidas que xurdan.

2 Que facer se o meu fillo con TDAH agride?

Recibida a comunicación de que se produciu unha agresión, a primeira acción será a de intentar coñecer todos os detalles sobre esta.

Unha vez que se teña constancia da existencia da agresión, débese pescudar se existe unha denuncia penal, infracción administrativa, ou un mero expediente disciplinario aberto no seu colexio e que pode derivar nunha sanción escolar, para a determinación da responsabilidade que corresponde en cada caso.

3 Que facer se o meu fillo con TDAH foi denunciado?

Primeiramente, débese constatar se o procedemento penal foi iniciado. Unha vez que se coñece a existencia do devandito procedemento, terase que acudir a un profesional do dereito xa que un bo asesoramento previo pode evitar unha serie de consecuencias indesexables.

4 Que facer ante a detención dun menor con TDAH?

Todos temos dereito a coñecer por que se produciu a dita detención. Ademais, como o detido é un menor de idade, este procedemento debe estar presidido por unha serie de garantías especiais.



Nestes tres últimos exemplos no que o menor é o denunciado ou mesmo chega a ser detido por cometer un delito, é imprescindible a intervención dun avogado que actúe na súa representación e defensa. Este avogado terá acceso ao expediente e poderá propoñer as probas que considere convenientes, unha vez puidese obter a información precisa do menor e dos seus pais, intervindo nas audiencias e vistas necesarias. Así, a lei establece que se o menor ou os seus pais non nomean un avogado da súa confianza ou libre elección, designaráselles un avogado de oficio e, ademais poderán solicitar o Beneficio de Xustiza Gratuíta cando as circunstancias económicas familiares non permitan asumir o custo destes profesionais.

É moi importante que os pais coñezan que en casos como os anteriores, deberán ser informados de forma inmediata da detección dos seus fillos e do lugar no que se atopan en cada momento, que teñen dereito a estar presentes na declaración que preste o seu fillo nas dependencias policiais xunto co seu avogado e o representante do Ministerio Fiscal, e a saber que esta detección ten un prazo máximo de 24 horas, para que o menor sexa posto en liberdade ou pase a disposición do Ministerio Fiscal.

En todo caso, ao menor detido hánselle de garantir sempre o pleno respecto dos seus dereitos, será informado de forma clara e sinxela das razóns da súa detención e destes dereitos, tales como o dereito a non declarar contra si mesmo e non confesarse culpable, a comunicarse telefonicamente sen demora cun terceiro da súa elección, a ser asistido por un letrado, recoñecido por un médico forense, a un intérprete cando non comprenda o castelán ou a lingua oficial, ou no caso de persoas xordas ou con discapacidade auditiva ou con dificultades de linguaxe.

En todos estes casos, o tratamento dos menores axustarase á Constitución, aos tratados internacionais ratificados por España e ao resto do ordenamento xurídico aplicable, especialmente ao disposto na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, sobre protección xurídica do menor; á Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e o seu regulamento, aprobado no Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo; á Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá; á Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo; á Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; á Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito; e por último, ao Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, e se regulan as oficinas de asistencia ás vítimas do delito, e demais normativa de desenvolvemento.





BLOQUE IV: INFORMACIÓN CLÍNICA

1 Teño dereito a recibir informe médico do meu fillo? Situación especial de pais separados ou divorciados.

Os pais teñen a patria potestade dos seus fillos menores non emancipados, que comprende deberes e facultades, entre outros, de velar por estes, telos na súa compañía, alimentalos, educalos, procurarlles formación integral, administrar os seus bens e representalos. Así pois, a patria potestade é obrigatoria, persoal e intransferible a non ser que a lei os prive dela ou os exclúa do seu exercicio.

No caso de divorcio, esta facultade non se ve alterada, aínda cando a custodia lle sexa atribuída só a un dos pais, xa que seguen por lei posuíndo a patria potestade e por tanto, calquera deles, pode acceder, solicitar e obter os datos relativos ao seu fillo menor de idade de acordo á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Salvo que se dite unha sentenza civil, penal, ou específica dun xulgado de familia, ou ben unha medida cautelar que prive desta ou limite as súas facultades, non se lles pode negar a estes o acceso aos datos sanitarios dos fillos menores, e por tanto debe facilitarse a ambos os pais a información que solicitan do seu fillo sobre o que teñen a patria potestade.

2 En caso de pais separados ou divorciados. Como proceder para decidir e autorizar un tratamento médico ou psicolóxico?

Como xa se indicou, o normal é o exercicio conxunto da patria potestade, e a excepción é a súa privación ou limitación, polo que esta toma de decisións corresponde sempre conxuntamente a ambos os proxenitores, sen que poida tomarse de forma individual por un deles.

Por conseguinte, no caso de que non exista consenso, acudirase á vía xudicial quen, logo de oír as partes (o menor se fose preciso) o xuíz poderá autorizar a intervención médica sen o consentimento do proxenitor discrepante.

Así, na actualidade existe un procedemento chamado de xurisdición voluntaria, ao que poden acudir os proxenitores cando exista desacordo no exercicio da patria potestade exercitada conxuntamente por ambos. Este expediente pódese iniciar respecto daquelas

decisións sobre o menor que enfronten os pais, como neste caso, os tratamentos médicos-psicolóxicos de calquera natureza. Débese expor ante o xuíz de Instancia do domicilio familiar, ou do domicilio do menor e este debe ser oído sempre se ten suficiente madurez e, en todo caso, se é maior de 12 anos.

Como en todos os procedementos que afectan a menores, é obrigatoria a intervención do Ministerio Fiscal, encargado de velar polo interese deste. Con todo, a lei non dispuxo a intervención obrigatoria de avogado, o que significa que os pais poden expor de maneira persoal a dita petición ante o xulgado. Isto non resulta o máis conveniente, pois non deixa de ser un procedemento xudicial que necesita do debido asesoramento técnico para realizar a formulación do modo máis adecuado e cos medios de proba necesarios (informes médicos, declaracións de facultativos, exploración do menor etc.). Esta falta de previsión impide que se poida acudir á solicitude de Beneficio de Xustiza Gratuíta, naqueles casos nos que a situación económica impide facer fronte aos honorarios profesionais dun avogado.

3 Que información clínica pode ou debe darse aos menores? Poden opoñerse a un tratamento?

Para dar resposta a esta pregunta debemos comezar facendo alusión ao concepto de menor emocionalmente maduro, entendendo por este, aquel que, sen alcanzar os 18 anos, goza dunha capacidade para comprender, avaliar, expresar e xerarquizar o alcance das súas accións, de maneira que se lle debe recoñecer autoridade especial para tomar decisións en función da súa madurez. Iso deriva da inexistencia dunha idade concreta para adquirir esta concepción dos valores de xustiza. A base teórica desta doutrina atópase en que os dereitos civís e en concreto os da personalidade (dereito á honra, á intimidade, á inviolabilidade do domicilio e a correspondencia etc.) poden ser exercidos polo individuo desde o momento en que é capaz de gozalo, o que sucede antes dos 18 anos.

Se nos cinguimos ao disposto na lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, establécese no seu artigo 5.2 que o paciente será informado, mesmo dunha incapacidade, dun modo adecuado ás súas capacidades de comprensión. Iso, en canto ao modo de comunicación e á información que debe ser prestada.

Centrándonos, agora si, no consentimento para recibir tratamento, debemos diferenciar tres etapas diferenciadas que derivan da aplicación de artigo 9.3 da normativa xurídica anteriormente mencionada.

- A) No caso de que o menor teña ata 12 anos cumpridos: o representante será o encargado de prestar consentimento para o seu tratamento. É importante mencionar, en forma de recomendación, que o representante debe escoitar a opinión do menor en cuestión.
- B) Para o caso de menores de entre 12 e 16 anos debemos volver de novo ao concepto do “menor maduro” cuxa madurez debe ser constatada a través dun informe psicolóxico. Pois ben, en base á madurez estimada do menor en cuestión, este terá maior ou menor poder decisión con respecto á recepción de tratamento.
- C) Cando se trata de menores non incapaces nin incapacitados pero emancipados ou con 16 anos cumpridos, non cabe prestar o consentimento por representación legal. É importante facer mención ao feito de que en caso de tratarse dunha actuación de grave risco e segundo o criterio facultativo, os pais serán informados e a súa opinión será tida en conta para a toma de decisión correspondente.

Isto será sempre que se trate de menores de 16 anos, xa que se é maior da devandita idade, será a el ao que corresponda prestar o consentimento directamente

Aos 16 anos recoñécese a chamada maioría de idade sanitaria.

4 Que ocorre se un proxenitor decide tratar farmacoloxicamente o seu fillo, por recomendación expresa do médico, onde se fai referencia ao risco para a súa saúde se non se trata, e o outro proxenitor se nega? Que amparo legal existe para o menor?

A decisión de medicar un menor non sempre se toma de maneira harmónica, xa que, polo controvertido do feito en si, non é fácil decantarse e menos alcanzar un acordo na totalidade das ocasións.

En primeiro lugar, é importante facer mención ao feito de que ambos pais están en pé de igualdade para a tomar esta decisión, unha igualdade que non pode ser rota polo facultativo en cuestión, soamente mediar. Se a dita controversia non pode ser resolta de forma previa a través da mediación anteriormente mencionada, sería posible acudir a como xa se deixou exposto, en demanda dunha resolución xudicial que poña fin ao desacordo.

Neste punto, o órgano xudicial actuará sempre tratando de salvagardar o interese do menor. A decisión xudicial non dirá se o menor debe ou non medicarse, simplemente outorgará o poder de decisión a un deles que será, por tanto, o encargado de decidir sobre medicar ou non o seu fillo. No ámbito familiar é esencial o consenso e o acordo, porque a toma de decisións debe estar dirixida sempre polo interese do menor. A experiencia dínos que isto non sempre é fácil, polo que en evitación de contendas xudiciais que non fan máis que empeorar as relacións familiares, resulta moi conveniente recorrer á mediación como forma de resolución de conflitos.

De igual modo, dicir que a actual lexislación regula a mediación intraxudicial, é dicir, cando xa existe un procedemento xudicial infórmase as partes da posibilidade de someterse a un procedemento de mediación que, de obter un acordo, permitiría a súa homologación xudicial e poría fin ao preito.

Os colexios de avogados e procuradores de Galicia, así como o Colexio Notarial, manteñen un servizo gratuíto específico para aquelas solicitudes de mediación que deriven de procedementos xudiciais en materia de familia xa iniciados.





Bibliografía

- 1 Romero Medina, A. e López Soler, C. Tdah y trastornos del comportamiento en la infancia y la adolescencia. Pirámide, 2013
- 2 Lecumberri Alcalá, M.^a M. Comprendiendo el Tdah. Grupo editorial, 2016
- 3 Soutullo Esperón, C. Manual de diagnóstico y tratamiento del Tdah. Panamericana, 2007
- 4 Castells, P. e Castells M. Tdah. Península, 2012
- 5 Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.
- 6 Vixente Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código civil mandada publicar en cumprimento da Lei do 26 de maio último.
- 7 Musitu, G.; Buelga, S.; Lila, M. S. e Cava, M. J. (2001). Familia y adolescencia: Análisis de un modelo de intervención psicosocial. Madrid: Síntesis.
- 8 Barkley R. A.; Murphy K. R.; Bush T. "Time perception and reproduction in young adults with attention deficit hyperactivity disorder". Neuropsychology. 2001; 15:351-60.
- 9 Ramos-Quiroga, J. A.; Trasovares, M. V.; Bosch, R.; Nogueira, M.; Roncero, C., Castells, X., Martínez, Y.; Gómez, N.; Casas, M. "Trastorno por déficit de atención con hiperactividad (TDAH) y drogodependencias". RET, Revista de toxicomanías, 2007a;50:23-28.
- 10 Barkley, R. (1995). Taking charge of ADHD. New York: Guilford Press.
- 11 Robin, A. L. (1998). ADHD in adolescents: Diagnosis and treatment. New York: Guilford Press.
- 12 Giménez, M. Los niños vienen sin manual de instrucciones. Editorial Aguilar (2006)
- 13 Orjales, I. (2005). Déficit de atención con hiperactividad. Manual para padres y educadores. Madrid: CEPE.

14 Lei de xurisdición voluntaria 15/2015 do 2 de xullo.

15 Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar de Galicia.

16 Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

17 Lei 5/2012, do 6 de xuño de mediación en asuntos civís e mercantís.

Webgrafía

- <https://www.cgcom.es/sites/default/files/etica%20medica.pdf>
<http://www.apcontinuada.com/es/la-doctrina-del-menor-maduro/articulo/80000500/>
- https://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/informes_juridicos/common/pdf_destacados/2014-0222_Menores-e-historia-cl-ii-nica._Consentimiento-y-derechos-de-acceso-y-oposici-oo-n.pdf
https://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/informes_juridicos/datos_esp_protected/common/pdfs/2004-0409_Acceso-por-el-titular-de-la-patria-potestad-a-las-historias-cl-ii-nicas-de-los-menores.pdf
- <http://www.abogadoscampoycarrasco.es/solicitud-de-informe-o-historia-clinica-de-los-hijos-por-parte-de-progenitores-divorciados/>
- http://copao.cop.es/files/contenidos/CED/Criterios_de_la_Comisión_de_Etica_y_Deontologia_del_COP_de_Andalucia_Occidental_sobre_el_Consentimiento_menores.pdf

ANEXO I. NORMATIVA VIXENTE E MEDIDAS METODOLÓXICAS APLICABLES

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

Orde ECD/42/2018, do 25 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 20 17/201.

Artigo 4.

“Conforme ao artigo 8.2 do mencionado Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, velarase pola adopción das medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A avaliación deste alumnado tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas para este ao longo da etapa.”

SOLICITUDES

As solicitudes, segundo o modelo establecido, deberán facerse a través dos departamentos de orientación dos centros de educación secundaria nos que o alumnado cursase os estudos de bacharelato, xustificarán a solicitude mediante o correspondente informe, que deberá estar avalado pola dirección do centro e que incluirá:

1. Os datos do estudante e do centro.
2. Unha descrición das características da súa discapacidade e/ou necesidades educativas, debidamente documentadas con certificado de discapacidade, emitido polo órgano oficial competente, ou informe psicopedagóxico ou médico con diagnóstico recente que xustifique algunha necesidade educativa especial derivada da discapacidade, que requira dalgún tipo de adaptación.
3. Un informe do departamento de orientación con descrición detallada das adaptacións curriculares coas que cursou o bacharelato, así como o seu período de aplicación.
4. Unha proposta sobre as medidas que o departamento de orientación considera máis adecuadas para que poida realizar a proba de acceso en condicións de igualdade e anonimato.

Xunto coas solicitudes deberán enviarse os seguintes documentos:

- Autorización do interesado ou, se é o caso, dos pais ou tutores legais (anexo II).
- Certificado que acredite discapacidade superior ao 33% ou calquera outro grao de discapacidade recoñecida.
- Informe médico ou psicolóxico que acredite a circunstancia da que se deriven necesidades especiais durante a realización da proba.

As solicitudes, segundo o modelo establecido (anexo I) debidamente cubertas e asinadas pola dirección do centro e o orientador ou orientadora deste, deberán enviarse por correo electrónico ou fax, con asunto "Adaptación Proba Acceso – Nome do Centro", ao correo electrónico da CiUG (ciug@ciug.gal) ou ao fax 881 814 789.

Prazo de solicitude

Co fin de que a CiUG poida levar a cabo as medidas que se determinen, o prazo de envío e recepción de solicitudes coincidirá, en cada convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), coas datas sinaladas no calendario oficial para a "Prematrícula na proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade" para realizar polos alumnos no seu respectivo centro.

Pautas xerais para as adaptacións

A CiUG establecerá o tipo de adaptación de acordo coa documentación presentada coas solicitudes. Dependendo da natureza da adaptación necesaria e tendo en conta que os exames son os mesmos para todo o alumnado, a CiUG poderá adoptar as seguintes medidas:

- a) Accesibilidade á información e comunicación dos procesos e do recinto ou espazo físico onde se desenvolva a proba.
- b) Situación nun lugar específico da aula ou nun espazo específico.
- c) Adaptar os tempos para a realización dos exames (tempo adicional).
- d) No caso de que se considere oportuno e á vista de adaptación, lerlle as preguntas, asegurando que escoitou e comprendeu o que se lle pide.
- e) No caso de que se considere oportuno e á vista da adaptación, sinalar claramente a orde que debe seguir para contestar as preguntas, recordándolle que empece polas máis importantes ou as que mellor saiba e deixe para o final as que teñan maior dificultade.
- f) De ser necesario e á vista da discapacidade e/ou necesidade educativa, poñer á súa disposición os medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que necesite para a realización da proba.
- g) Particularmente, contemplaranse medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos de alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala.

Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para diminuír as cualificacións obtidas. A CiUG poderá adoptar outras medidas atendendo á documentación achegada. As decisións adoptadas pola CiUG respecto diso serán remitidas por correo electrónico exclusivamente ao centro de bacharelato ou equivalente correspondente.

Lugar de realización das probas

Dependendo do número e tipo de solicitudes, así como da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con necesidades especiais levarán a cabo, única e exclusivamente, en:

- Comisión Delegada 25: no Centro de ensino C.R.E. Santiago Apóstol-ONCE (C/ Luís Braille, n.º 40, 36003, Pontevedra).
- Comisión Delegada 25 –Auxiliar: na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela (Avda. Dr. Ángel Echeverri s/n. Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela).

Para poder dispoñer das medidas indicadas neste procedemento, o estudante deberá acudir obrigatoriamente, segundo se lle indique na comunicación enviada ao centro, á sede da Comisión Delegada 25 ou da Comisión Delegada 25 Auxiliar.

CONTACTO:

Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)

Enderezo: Facultade de Dereito, 3.º piso. Campus Universitario Sur.

15782 - Santiago de Compostela

Tfno.: 881 813 452 Fax: 881 814 789

Enderezo electrónico: ciug@ciug.gal

ESTUDANTES CON NECESIDADES ESPECIAIS

1. De acordo co establecido no artigo 4 da Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, do 22 de decembro, adoptáronse as medidas necesarias para asegurar as necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.

A este respecto, poderanse adoptar medidas como: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que necesite para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e do recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

2. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas para este ao longo da etapa. Particularmente, contemplaranse medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos de alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para diminuír as cualificacións obtidas.

Así mesmo, garántese que as actuacións relativas ao proceso de revisión das probas reguladas no apartado sétimo destas instrucións sexan accesibles para as persoas con discapacidade.

3. O tribunal cualificador das probas poderá requirir os informes e a colaboración precisa dos órganos técnicos competentes da Administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato as alumnas e os alumnos con discapacidade.
4. Ades educativas especiais matriculado na proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade no Sistema Universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para a súa realización, deberá solicitar a adopción de medidas arriba indicadas ante o presidente do Tribunal Único da proba segundo o procedemento de actuación establecido pola CiUG (contacto arriba mencionado).



DECRETO 86/2015

Establece o currículo da ESO e do Bacharelato

Art nº 21 Avaliacións

2. “Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo”. Adoptaranse tan pronto como se detecten as dificultades.
5. “Os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicarlles ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias, os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción”

Art nº 7 Alumnado con NEAE

- 7.1 “Estableceranse aquelas medidas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con NEAE”.
- 7.2 “Establecer os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo. Adoptar os instrumentos, os tempos e os apoios”.

Art nº 11 Principios metodolóxicos

1. “Os centros... arbitrarán métodos que teñan en contra os diferentes ritmos de aprendizaxe”.
2. “Os mecanismos de reforzo, que se deberán poñer en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares”.



Art nº 6.1 Participación dos pais no proceso educativo

“Terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos de avaliacións que se lles realicen aos seus fillos”.

Bacharelato

Artº 33

3. “Estableceranse as necesidades máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación a avaliación final da etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con N EAE”

Artº 27

1. “Os centros docentes implantarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe ”

Medidas organizativas e curriculares

2. “Os centros docentes tendrán autonomía para... adoptar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos”.

ORDEN ECD/1941/2016 - 22 de decembro

Determina as características, o deseño e o contido da avaliación do bacharelato para o acceso á universidade.

Adopción de medidas Art nº 4

Conforme ao art. n.º 24.4 do Real decreto 310/216 “Velarase pola adopción das medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade”.

Adopción de medidas Art nº 6.3

“Non se computará como período de descanso o utilizado para ampliar o tempo de realización das probas dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo”.

(É imprescindible que o departamento de orientación acredite e documente a necesidade de aplicación destas adaptacións.)

Adaptaciones non significativas Art nº 8.4

- A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas ao longo da etapa.
- Medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación da lingua estranxeira para alumnado con discapacidade.

REAL DECRETO 310/2016 - 29 de xullo

Regula avaliacións finais de ESO e bacharelato

Art nº 8

“As administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para adaptar as condicións de realización das probas ás necesidades do alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo”.

Estas adaptacións non computarán de forma negativa menoscabando a cualificación final.

Utilización de formatos especiais.

Garantirse a accesibilidade da información e a comunicación dos procesos e a do recinto.

Poñer á disposición do alumnado medios materiais e humanos, apoios e axudas técnicas necesarias para a realización das probas.

Adaptación dos tempos.

Art nº 9

Deberá asegurarse o coñecemento das capacidades de acceso e organizativas que precisou o alumno.

DECRETO 229/2011

Art nº 3

Atención á diversidade: Conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de alcanzar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situación social e cultural de todo o alumnado.

Art nº 4.2

Atención á diversidade. Abarca a totalidade do alumnado.

Art nº 4.5

- Priorizaranse as de carácter ordinario.
- As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as ordinarias.

Art nº 4.6

- Intención educativa cun enfoque multidisciplinar e de colaboración entre os diferentes profesionais.
- As nais, pais ou titores recibirán a necesaria información e asesoramento sobre as medidas que se van adoptar nos centros.



Art nº 8

Medidas ordinarias:

- Adecuación da estrutura organizada do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e de organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación das programacións didácticas.
- Adecuacións metodolóxicas (traballo colaborativo, aprendizaxe por proxectos, titorías entre iguais...).
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado.
- Programas de enriquecemento curricular, reforzo, recuperación, específicos, personalizados, habilidades sociais.

Art nº 9

Medidas extraordinarias:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio de P.T ou A.L.
- Flexibilización do período de escolarización.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

A repetición de curso é unha medida extraordinaria que só se poderá aplicar unha vez esgotadas as ordinarias.

DECRETO 229/2011

Art nº 33

- Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo, os resultados académicos en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial.
- As nais, pais ou titores deberán ser informados dos procesos para a detección temperá das necesidades educativas, dos resultados desa identificación e a valoración, así como da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade.
- Os servizos de orientación deberán asesorar a totalidade da comunidade educativa.

Art nº 35

As nais, pais ou titores deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas.

DECRETO 105/2014 - 4 de setembro

Establece o currículo de EP

Avaliación e promoción - Art nº 12

- 12.3. Avaliacións adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAES.
- 12.4. Estableceranse medidas de reforzo educativo tan pronto como se detecten dificultades.
- 12.6. Deberán facerse públicos e comunicarlles ás familias criterios de avaliación, estándares, estratexias e instrumentos de avaliación e criterios de promoción.

Promoción - Art nº 33

- 13.1. Repetición é unha medida excepcional. Tomarase despois de esgotar as medidas ordinarias.
- 13.2. O equipo docente adoptará as decisións sobre a promoción do alumnado.

Proceso de aprendizaxe - Art nº 15, 16 y 17

- 15.5. Garante a diversidade do alumnado.
- 15.6. e 15.7. Mecanismos de reforzo.
- 16. Alumnado con NEAES. Medidas de atención á diversidade. Identificación e valoración do alumnado con NEAE.
- 17. Titoría

ORDEN 9 XUÑO 2016

Regula a avaliación e promoción do alumnado en EP

Art nº 4.3

Avaliación inicial:

- Punto de referencia para a adopción de medidas ordinarias ou extraordinarias.

Art nº 6

- 6.1. O equipo docente decidirá a promoción do alumnado e terá unha especial consideración co criterio do titor.
- 6.3. A repetición adoptarase unha soa vez na etapa educativa, logo de informar os pais ou tutores e deberá ir acompañada dun plan específico de apoio.
- 6.4. A repetición tomarase despois de esgotar as medidas ordinarias.
- 6.5. O alumno que pase de curso con algunha materia suspensa deberá seguir un plan de recuperación.

Art nº 7 - Art nº 10

7. Establecerase para o alumnado con NEAE a adaptación das condicións de realización da avaliación.
10. Información e participación das familias.



galicia

